



PROMOCIÓN ALUGUER DE VIVENDA

Dona Teresa Rey Pazos, Concelleira do Grupo Mixto por Veciños de Padrón, presenta para ser tratada e votada no Pleno da Corporación a celebrarse o xoves, día 30 de novembro de 2017, a seguinte **MOCIÓN**:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Non podemos obviar que nos últimos anos a poboación do noso Concello descendeu considerablemente. Son moitos os factores que podemos mencionar como causa desta diminución pero hoxe, con esta moción, queremos centrar na vivenda.

O estado ruinoso de moitas vivendas, a falta de nova construción e os alugueres elevados da pouca vivenda existente, fan moi difícil o quedar a residir no noso Concello, sobre todo para determinados sectores da sociedade como é a xente máis nova.

Somos conscientes que o ideal sería que desde o Concello promovésese a construción de vivenda pública pero tamén sabemos que é unha solución a longo prazo.

Tamén debemos ser conscientes dos cambios que se están a producir na sociedade onde a mobilidade e a inseguridade laboral e uns salarios baixos fan que a poboación cada vez máis opte polo aluguer e non pola compra de vivenda.

O problema co que se atopa a cidadanía no noso Concello, entre outros, son os elevados prezos aos que se alugan as vivendas que fan imposible o acceso ás mesmas e leva á poboación a buscar sitios próximos onde os prezos sexan máis económicos.

Para poder acceder ao aluguer de vivenda de forma rentable e económica e dando maior protección a determinados sectores como os mozos e os nosos maiores, fanse necesarios sistemas de xestión que faciliten o mantemento, a vixilancia e a comercialización, neste caso en réxime de aluguer, da vivenda. Pois, insistimos que na política de vivenda o aluguer é unha peza fundamental, pero para que os prezos destas vivendas sexan adecuados e poidan diminuír é necesario protexer adecuadamente á propiedade, xa sexa esta pública ou privada.

A competencia en materia de vivenda corresponde á administración autonómica e non á local pero nada impide solicitar a esta que adopte medidas adecuadas para que pobos como o noso non queden deshabitados por non existir alugueres de vivenda con prezos adecuados.

En Veciños de Padrón somos coñecedores de que outros concellos como o de San Sebastián desenvolveron programas encamiñados a incentivar o aluguer, como é o caso do Programa ALOKABIDE do Concello de Donostia. Este programa supón que a través dunha Entidade Pública Empresarial de Vivenda (Donostiako Etxegintza) procédese á promoción, sorteo e xestión de V.P.O., apartamentos para mozos e maiores, e do aluguer de vivenda privada baleira. A grandes liñas, indicamos algunhas das medidas que recolle este programa para o fomento do aluguer:

- Destinado a mozos entre 18 e 31 anos e maiores de 65 anos, con ingresos entre 3.000€ e 35.000€ e que non sexan propietarios dunha vivenda.

- Creación dun rexistro ou censo voluntario de vivendas en aluguer e de persoas interesadas no seu aluguer .
- Valoración por técnicos e tras unha visita á vivenda e de conformidade coa súa localización e estado, un prezo de aluguer a negociar co propietario pero que non excederá en ningún caso un prezo máximo.
- Os responsables do programa encárganse da contratación, tramitación do aluguer e da fianza e do asesoramento ás partes contratantes.
- Durante toda a duración do contrato e en primeira instancia, os responsables do programa encárganse de tramitar as queixas e reclamacións evitando molestias ou conflitos innecesarios coa persoa propietaria e tratando de resolver as diferenzas entre as partes, actuando de intermediario.
- Co fin de favorecer este tipo de aluguer máis económico como parte do programa ofrécese e abónase un seguro de rendas para cubrir o risco da posible falta de pagamentos das mesmas por parte da persoa inquilina durante polo menos un ano do contrato.
- Co fin de favorecer este tipo de aluguer máis económico o programa ofrece e abona un seguro multirisco do fogar.
- Se establece unha bonificación do 50% no I.B.I.

Por todo o exposto, considerando que é necesario fomentar o aluguer de vivenda no Concello de Padrón, propoñemos os seguintes **ACORDOS**:

- 1.- Instar á Xunta de Galicia, en concreto a Consellería de Infraestrutura e Vivenda para que cree un programa similar al ALOKABIDE que permita favorecer o aluguer de vivenda privada en concellos como o de Padrón.
- 2.- Valorar a posibilidade legal do Concello de Padrón de ofrecer algún tipo de bonificación no Imposto de Bens Inmóveis (IBI) a aquelas persoas propietarias que teñan a súa vivenda alugada; e de non ser posible esta bonificación, valorar o aplicar unha porcentaxe de recarga no IBI para evitar que haxa vivendas baleiras.

En Padrón, a 21 de novembro de 2017



Dona Teresa Rey Pazos

SR. ALCALDE- PRESIDENTE DO PLENO DA CORPORACIÓN DO CONCELLO DE PADRÓN